




XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE ENFERMEDADES RARAS E CRÓNICAS (**FEGEREC**), PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DESTINADAS A MELLORAR A CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS AFECTADAS DE ENFERMIDADES RARAS E CRÓNICAS E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2016


REUNIDOS

Dunha parte:



D José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:



Dona Francisca Luengo Milara, con DNI 50053474T, que actúa en nome e representación da **Federación Galega de Enfermidades Raras e Crónicas** (en adiante **FEGEREC**), con CIF **G70218128**, en virtude da súa condición de representante dela, de acordo co disposto nos seus estatutos.

Intervenien en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.218.128



XUNTA DE GALICIA

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que FEGEREC figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-5451, tendo por finalidade a defensa dos intereses das persoas con enfermidades raras e crónicas de baixa prevalencia de Galicia e acadar a súa real e efectiva participación social, laboral e cultural, así como a súa integración na sociedade.

Que a entidade FEGEREC foi declarada de Utilidade Pública pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na orde do 20 de setembro de 2013.

V. Que FEGEREC foi constituída o 14 de xullo de 2009 e actualmente está integrada polas seguintes asociacións:

- Asociación Galega de Escleroses Lateral Amiotrófica (AGAELA)
- Asociación Galega de Ataxia (AGA)
- Asociación Galega de Fibrose Quística (FQ)

Federación Gallega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.216.128



XUNTA DE GALICIA

- Asociación Galega de Lupus (AGAL)
- Asociación Coruñesa de Esclerose Múltiple (ACEM)
- Asociación Galega de Linfedema (AGL)
- Asociación Galega de Retinosis Pigmentaria (AGARP)
- *Delegación en Galicia de la Asociación Nacional de Arnold Chiari y Siringomielia.*
- *Delegación en Galicia de la Asociación Española de la Enfermedad de Behçet.*
- *Asociación West Galicia*
- Persoas que padecen unha enfermidade rara non vinculada ás entidades membro de FEGEREC.

Que a entidade FEGEREC debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos de atención a persoas con discapacidade.

VI. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración con FEGEREC para contribuír ao financiamento das actuacións relacionadas coa atención a persoas con enfermidades raras e as súas familias e co mantemento da entidade.

VII. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a entidade FEGEREC aparece expresamente reflexada no estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2016 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a



XUNTA DE GALICIA

estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención a persoas con enfermidades raras e crónicas de baixa prevalencia e as súas familias e co mantemento da entidade, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do **mantemento** de FEGEREC e das actividades na área de intervención social destinadas a mellorar a integración sociolaboral, a autonomía persoal e a calidade de vida das persoas afectadas por enfermidades raras e crónicas e ás súas familias, no ámbito de actuación de FEGEREC, de acordo co seu Proxecto de Atención Integral Sociosanitaria e que FEGEREC ten previsto desenvolver durante o ano 2016:

- Ofrecer unha atención social integral ao colectivo de persoas que representa, de cara a conseguir a plena integración social destas persoas, dando cobertura a aquelas necesidades sociais comúns que non poden ser atendidas na súa totalidade polas canles habituais.
- Informar dos servizos da federación, así como fomentar a relación de axuda para resolver dificultades de carácter sociosanitario.

Federación Gallega de
Enfermidades Raras e Crónicas
FEGEREC
C.I.F.: G-70.218.126



XUNTA DE GALICIA

- Promover e potenciar as axudas e apoios para promoción da autonomía persoal destes colectivos de enfermos crónicos.
- Informar, asesorar e/ou tramitar documentación ás persoas afectadas e ás súas familias sobre recursos, dereitos e outros beneficios de carácter socioeconómico, laboral e sanitario, ao que lle da acceso a súa situación de enfermidade.

FEGEREC terá que cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve.

Daráselle especial atención á muller con discapacidade ou cunha enfermidade rara embarazada e ás súas familias, en cumprimento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, polo que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.

No deseño e desenvolvemento dos programas e das actividades obxecto do presente convenio incorporárase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

SEGUNDA: Beneficiarios

As persoas ás que van dirixidas as actividades obxecto deste convenio deben ter diagnosticada ou estar pendentes dun diagnóstico de enfermidade rara.

TERCEIRA: Relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento do presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o desenvolvemento das actividades citadas.

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.219.123



XUNTA DE GALICIA

CUARTA: Documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- **Declaración responsable** do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento algunha débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- **Presentación dun método de imputación** de custos indirectos.

QUINTA: Orzamento

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **vintedous mil douscentos euros (22.200,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria **12.04.312E.481.32** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

SEXTA: Gastos imputables

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos a gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o


Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70219.128



XUNTA DE GALICIA

desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula primeira. A estes efectos, consideraranse gastos subvencionables, conforme ao previsto no artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia os seguintes:

- Gastos de persoal: custes salariais e de seguridade social do persoal necesario para a realización da actividade obxecto da subvención.
- Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputable ao convenio e deberán ser moderados e limitados (tarifas de transporte económicas, aloxamentos de categoría media, axudas de custo limitadas tomando como referencia as establecidas para a administración pública. Deberá de recollerse na fase de xustificación os motivos da viaxe e o lugar de reunión.
- Gastos derivados da xestión e organización de servizos de transporte que a entidade facilite ás persoas beneficiarias directas dos servizos prestados pola entidade e derivados da asistencia aos mesmos que o precisen e demanden; quedan excluídos os gastos que deriven da asistencia a servizos de atención diúrna que contén con financiamento público.
- Gastos en bens consumibles sempre que estean relacionados coa actividade obxecto da subvención ou co mantemento de FEGEREC e das entidades federadas; estes deberán ser moderados, podendo requerírselle á entidade un informe xustificativo dos consumos realizados, da relación co programa, da razoabilidade das cantidades consumidas e do seu custe.
- Gastos xerais de natureza corrente necesarios para o desenvolvemento do obxecto do convenio: enerxía eléctrica, auga, combustible (se non está incluído no aluguer), comunicacións, limpeza, seguridade, seguros de responsabilidade civil.
- O aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade obxecto deste convenio debidamente xustificado, agás aqueles nos que exista unha relación contractual.
- Os financeiros, incluídos os gastos e xuros derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de asesoría xurídica ou financeira, gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado, así como os



Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
FEGEREC
C.I.F. G-10.210.122



XUNTA DE GALICIA

de administración específicos, se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución desta.

Non se subvencionarán gastos correntes nin de persoal correspondentes a centros asociados a FEGEREC que teñan relación contractual cunha administración pública, no ámbito das súas competencias estatutarias.

FEGEREC deberá presentar unha **certificación** coa relación daquelas entidades e/ou centros que teñan suscrito un contrato coa administración pública indicando o obxecto do mesmo e a data de suscripción.

En tódolos custos indirectos establecerase e xustificarse a fracción do custo total que se considere imputable á actividade subvencionada segundo a aplicación dun método xusto e equitativo que debe constar por escrito e previamente a realización dos gastos.

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro de 2003) e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño de 2007) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento (DOG nº 20, do 29 de xaneiro de 2009).

Federación Galega de
Enfermeiros Raros e Crónicos
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.216.128



XUNTA DE GALICIA

Son gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. A estes efectos, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto na cláusula oitava.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións:

- Efectuarase un pagamento de ata o 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución da garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

OITAVA: Documentación xustificativa

Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.218.128



XUNTA DE GALICIA

A presentación da **conta xustificativa** levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia:

a) Unha **memoria final das actuacións desenvolvidas** en execución deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de beneficiarios en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha **memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas**, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos, diferenciando os dedicados a mantemento da federación, daqueles dedicados á prestación de servizos obxecto do presente convenio. Para elo, utilizarase a ficha establecida no Anexo I.
- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, correspondente á totalidade do orzamento presentado, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.
- Unha relación na que se identificará os apelidos e nome das persoas respecto das que se imputan ao presente convenio gastos de desprazamento derivados de acudir aos servizos que presta a entidade, e na que constarán os días en que se fixeron os desprazamentos obxecto da xustificación, , motivo da viaxe e lugar de reunión.
- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.

Federación Galega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F. G-70-212.128



XUNTA DE GALICIA

- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia no suposto de gastos de importe superior a 18.000 € pola prestación de servizos de consultoría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.
- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) **Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo proxecto**, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Conforme ao previsto no artigo 51.3 do decreto antes citado, a relación de gastos indicada no apartado b) será obxecto de mostraxe aos efectos de obter evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención. A tal efecto, solicitarase á entidade beneficiaria os documentos xustificativos do gasto e do pagamento correspondentes ao 25% do gasto xustificado.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día **10 de decembro de 2016**. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas, TC's da Seguridade Social e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre, que poderá presentarse na primeira quincena de febreiro de 2017.

Toda a documentación xustificativa deste convenio deberá ser asinada pola persoa con capacidade da FEGEREC.

NOVENA: Subcontratación

FEGEREC é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación da execución total ou parcial de actividades, ata unha porcentaxe do 70 por cento do importe total das actuacións financiadas a través deste convenio, con

Federación Gallega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.210.128



XUNTA DE GALICIA

empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas con discapacidade ou en situación de exclusión social, sempre que estas empresas estean participadas maioritariamente polas entidades de iniciativa social definidas no artigo 30 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, xustificando que estas se realizan consonte as condicións normais de mercado.

FEGEREC, no seu caso, comunicará a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA: Obrigas da entidade

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 desa Lei.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Federación Galega de
Enfermidades Paras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.212.123



XUNTA DE GALICIA

- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de suministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA: Vixencia

Federación Gallega de
Enfermidades Raras e Crónicas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70.218.128



XUNTA DE GALICIA

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2016.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FEGEREC dende o 1 de xaneiro de 2016 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

DÉCIMO SEGUNDA: Publicidade

De conformidade co disposto na Lei 1/2016 e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.


As partes asinantes consinten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA: Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a normativa de



Federación Gallega de
Entidades de Parais e Críticas
F.E.G.E.R.E.C.
C.I.F.: G-70-216128



XUNTA DE GALICIA

desenvolvemento. Os datos persoais recollidos na tramitación deste convenio, cuxo tratamento e publicación autorice a persoa beneficiaria, serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades" creado pola Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal existentes nesta consellería.

DÉCIMO CUARTA: Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes designados pola entidade beneficiaria e dous representantes da Consellería de Política Social, para levar a cabo o seguimento e avaliación das accións previstas no presente convenio.

Esta comisión, a presidencia da cal a ostentará un dos representantes da administración, reunirase cando así o solicite algunha das partes.

DÉCIMO QUINTA: Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, aplicándose os principios do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, cabendo contra elas recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, se a resolución fose expresa, ou tres meses si se tratase dun acto presunto, segundo o previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións



XUNTA DE GALICIA

públicas e do procedemento administrativo común; ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

**O CONSELLEIRO DE POLÍTICA
SOCIAL**



José Manuel Rey Varela

**A PRESIDENTA DA FEDERACION
GALEGA DE ENFERMEADES RARAS
E CRÓNICAS**



Francisca Luengo Milara



XUNTA DE GALICIA

ANEXO I – FICHA RESUMO DOS GASTOS

Instrucións para cubrir a ficha

Nesta ficha preséntanse 3 táboas, solicitando a información anual e diferenciando por cada unha das oficinas da entidade (cubrir unha columna por oficina):

- Táboa 1. Usuarios. Solicítase o número de usuarios atendidos, así como o número de servizos prestados ós mesmos.
- Táboa 2. Persoal. Solicítase o número de persoal, categoría e custe do persoal, diferenciando por oficina e por persoal de estrutura e de servizos. O campo categoría deberase cubrir coa categoría referencia ó correspondente convenio colectivo de aplicación (p. ex. Psicólogo, traballador social, xefe de administración, etc.). No caso de persoal a tempo parcial, deberase indicar a imputación (p. ex. a media xornada indicárase como 0,5 persoas). O custe de persoal debe incluír o salario bruto e a seguridade social a cargo da entidade.
- Táboa 3. Custes. Solicítase os custes anuais por oficina, tipo de gasto e asignación do gasto a estrutura ou servizos.

TÁBOA 1. USUARIOS

	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
Número medio de usuarios atendidos				0,00
Número medio de servizos prestados				0,00

TÁBOA 2. PERSOAL

	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
PERSOAL DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal directivo				0,00
Categorías do persoal directivo (según convenio)				
Custe do persoal directivo				0,00
Número de persoal administrativo				0,00
Categorías do persoal administrativo (según convenio)				
Custe do persoal administrativo				0,00
Número doutro persoal de xestión				0,00
Categorías doutro persoal de xestión (según convenio)				
Custe doutro persoal de xestión				0,00
Número de persoal de estrutura / xestión	0,00	0,00	0,00	0,00



XUNTA DE GALICIA

PERSOAL DE PRESTACION DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Número de persoal de prestación de servizos				0,00
Categorías do persoal de prestación de servizos				
Custe do persoal de prestación de servizos				0,00

TÁBOA 3. CUSTES

	Oficina 1	Oficina 2	Oficina n	TOTAL
CUSTES DE ESTRUCTURA / XESTIÓN	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alquileres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos				0,00
CUSTES DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos de persoal	0,00	0,00	0,00	0,00
Dietas e desprazamentos				0,00
Consumibles (material de oficina, de limpeza, etc.)				0,00
Alquileres				0,00
Mantemento				0,00
Seguros				0,00
Suministros (electricidade, gas, teléfono, etc.)				0,00
Servizos externos				0,00
Tributos				0,00
Outros gastos (intereses, amortizacións, etc.)				0,00
Custo anual total	0,00	0,00	0,00	0,00